

BOLETÍN ASELAFEM

TÓDALAS NOVAS DA ASOCIACIÓN DE ESTUDOS
LABORAIS FEMINISTAS



Auto-coidado en marcha

Chegando ao fin dun ano novamente complexo no que reflexionamos, procuramos calma e enfoque, e talvez perdimos ambas cousas máis dunha vez. Convidámosvos a practicar a auto-empatía, perdoar os erros e agarimármonos con palabras e afectos como facemos con esa amiga querida. Mantiña, lareira e bebida quentiña para nós, e como non, desfrutar xuntas das actividades de Aselafem.



Fai click no cartaz para ver o programa

PALESTRA "MULLER E TECNOLOXÍA"

Venres 26 de novembro ás
19:30 online

Exposición de dúas perspectivas da participación das mulleres na tecnoloxía, cuestionando a súa presenza, visibilidade e como xestionar espazos seguros no mundo virtual.



Laura M Castro e Elsy Castañeda

Inscríbete [AQUI](#)

ASELAFEM NUN SÓ CLICK


Coñece as novas de Aselafem e as datas da próxima reunión do espazo organizativo accedendo ao documento de actas [AQUI](#)



MARATÓN TECNOLÓXICO

Sábado 27 de novembro de
10:00 a 14:00 CC Cidade
Vella da Coruña

4 obradoiros nivel inicial para adentrarse no mundo das tecnoloxías e darlle ese toque "pro" ao teu proxecto social ou profesional.




En sesións de 40-50 minutos coñeceremos as seguintes ferramentas:

- deseñar un cartaz (Canva)
- fotografía con móbil
- redes sociais (Instagram)
- comunicación en chave feminista

Diana Lara e Mariola Mourelo

Inscríbete [AQUI](#)



OBRADOIRO "TRABALLO POR CONTA ALLEA"

Dereitos laborais feministas

Mércores 1 de decembro ás
18:00 online

Achegarémonos a distintas facetas do traballo por conta allea, tales como, dereitos básicos, comprensión dos conceptos dunha nómina, prestacións, discriminacións no traballo e ferramentas ao noso alcance para facer valer os nosos dereitos.

Inscríbete [AQUI](#)



OBRADOIRO "TRABALLADORAS AUTÓNOMAS"

Dereitos laborais feministas

Xoves 9 de decembro ás
18:00 online

Achegarémonos a distintas facetas do traballo por conta propia, tales como, dereitos básicos, bonificacións, prestacións ou institucións de referencia: a onde acudir e como.

Inscríbete [AQUI](#)

OBRADOIRO "TELE-TRABALLO"

Dereitos laborais feministas

Mércores 15 de decembro ás
18:00 online



Achegarémonos as novidades legais e aos dereitos no tele-traballo. Veremos as bondades e perxuízos do mesmo dende unha perspectiva de xénero e como nos afecta na conciliación..

Inscríbete [AQUI](#)

ATIVIDADES FEITAS

*Espazo de Encontro,
Sensibilización, Visibilización
e Formación*



Este mes entre outubro e novembro realizáronse os obradoiros da liña de contas feministas, de captación de fondos e de xestión emocional.

En formato online e presencial poidemos compartir información, experiencias e emocións sobre os diferentes aspectos da vida laboral, relacional e persoal que nos afectan ás feministas.

Un pracer e agradecemento para as formadoras, coordinadoras e asistentes.

25N "TODOS OS DÍAS CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA"



imaxe da campaña Compostela en negro

www.aselafem.com
aselafem@gmail.com

CAMPAÑA ASELAFEM CONTRA A PRECARIIDADE NA CONTRATACIÓN PÚBLICA

Continuamos coa nosa campaña na que dende o ano pasado xeramos contidos e reflexións en encontros virtuais.



Como parte da programación deste outono estamos a preparar varias actividades que estamos a piques de concretar pero que xa avanzamos datas e temáticas.

Venres 10 de decembro a partir das 17h en formato online - **Palestra formativa** sobre a Lei de contratación pública

Sábado 11 de decembro de 10:30 a 13:30 en formato presencial - **Mesa de traballo** para crear un documento de demandas e propostas para ser divulgadas durante o 2022.

Proximamente abriremos inscrición.

Podes ver toda a información desta Campaña na nosa web [AQUI](#)

